

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 21 de novembro de 2003 pola que se fai público o límite de crédito dispoñible do Programa de especialización laboral. Promoción de mercados laborais especializados. Subvención a fondo perdido para resolucións que se dicten no ano 2003 con cargo ó ano 2004.*

As bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica publicadas mediante Resolución do 13 de xullo de 2001 (DOG nº 142, do 23 de xullo) para o Programa de especialización laboral prevé o establecemento de compromisos plurianuais dentro dos límites autorizados.

Con data do 27 de decembro, o Parlamento de Galicia aprobou os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, publicados mediante Lei 6/2002 (DOG nº 251, do 30 de decembro). Por outra parte, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 20 de marzo de 2003, autorizou os límites de plurianualidades do Instituto Galego de Promoción Económica.

Polo que antecede,

### RESOLVO:

Facer público, de acordo co importe que se relaciona a continuación, o límite de crédito dispoñible do Programa de especialización laboral. Promoción de mercados laborais especializados. Subvención a fondo perdido para resolucións que se dicten no ano 2003 con cargo ó ano 2004.

Partida orzamentaria: 01.02.14/01/01.

Finalidade: Programa de especialización laboral. Promoción de mercados laborais especializados. Subvención a fondo perdido.

Límite dispoñible 2004: 150.000 €.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2003.

Margarita Rodríguez Rama

Directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

## SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 21 de novembro de 2003, da División de Recursos Humanos, pola que se publica o contido dos compromisos derivados da negociación e vinculados ó acordo sobre mellora retributiva e profesional do persoal do Servicio Galego de Saúde.*

Os representantes das organizacións sindicais na mesa sectorial de negociación do persoal das institucións sanitarias do Sergas e os representantes da División de Recursos Humanos do Sergas acordaron darlles publi-

cidade no *Diario Oficial de Galicia* ós compromisos derivados da negociación e vinculados ó acordo de mellora retributiva e profesional do persoal do Sergas.

Polo anterior, a División de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde

### RESOLVE:

Que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o texto asinado polos representantes da Administración sanitaria e das organizacións sindicais que figuran no pé deste e que se xunta como anexo.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2003.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

### ANEXO

Outros compromisos derivados da negociación e vinculados ó acordo de mellora retributiva e profesional do persoal do Sergas:

1. Adaptación a TIS: exclusión.

Non se procederá á adaptación ó sistema TIS das retribucións do persoal o réxime retributivo do cal estea regulado pola Orde do 8 de agosto de 1986 (cota e zona), pola propia aplicación do seu réxime xurídico.

2. Retribución de atención domiciliaria.

O incremento previsto no número 4.2.2.3 do acordo calcúlase sobre a base dun euro diario pola xornada de traballo efectivo, co obxecto de remunerar-la obriga do persoal de presta-la atención domiciliaria, sempre que non se lle facilite vehículo nas unidades e servicios de atención primaria.

3. Profesionais de cota de atención especializada.

A Administración comprométese a iniciar no ano 2004 a elaboración e posterior negociación da norma que habilite a xerarquización deste persoal.

4. Acceso do persoal de cota e zona de atención primaria á participación nos programas de obxectivos de calidade para o servizo público determinados pola dirección.

A Administración sanitaria estudiará a viabilidade de fórmulas para que os profesionais de cota e zona de atención primaria poidan ser remunerados pola súa participación na consecución dos obxectivos de calidade do servizo público que estableza a Administración.

5. Convocatorias unitarias de provisión de prazas.

5.1. As convocatorias de concurso de traslados que se realicen durante a vixencia do acordo formalizaranse de xeito conxunto para o persoal, o réxime do cal o permita, poida optar indistintamente a prazas de atención primaria e atención especializada.

5.2. Habilitaranse as vías necesarias para facilita-la promoción interna temporal entre niveis e de mobilidade temporal do persoal entre postos das institucións sanitarias dos diferentes niveis asistenciais.

6. Revisión de cargas de atención continuada en quendas complexas.

A Administración sanitaria comprométese a analizar e estudia-las cargas de traballo derivadas da prestación en réxime de quendas rotatorias complexas co obxecto

de analiza-la viabilidade de establecer fórmulas que alixeiren as ditas cargas para o persoal maior de 55 anos.

#### 7. Gardas localizadas.

A Administración comprométese a retomar, no mes de setembro de 2003, a negociación para a regulación dos descansos compensatorios, que está interrompida pola actual negociación no seo da mesa sectorial, para o seu peche.

8. Réxime de ordenación funcional dos cadros de persoal.

A Administración promoverá a elaboración da norma sobre ordenación funcional dos cadros de persoal.

Para a súa configuración teranse en conta os criterios que se establezan, en atención ás características específicas dos postos de traballo que se determinen, o cal terá tratamento no seo da mesa sectorial.

9. Configuración do réxime de traballo en gardas, noites e domingos e festivos.

A Administración e os sindicatos con representación na mesa sectorial analizarán a actual configuración do réxime retributivo da prestación de servizos en gardas e noites, e particularmente a concorrencia destas últimas con domingos e festivos.

10. Medidas que favorezan a homologación do persoal non estatutario que presta servizos nas institucións sanitarias do Sergas.

A Administración e os sindicatos con representación na mesa sectorial estudarán as vías que favorezan a integración no réxime estatutario do persoal que no seu momento optou pola non integración, en ofertas anteriores de homologación, co obxecto de mellora-lo clima laboral.

Exposto o anterior, as organizacións sindicais farán consta-lo seguinte en canto á sinatura do acordo e compromisos anteriores:

A organización sindical CC.OO. non asiste á reunión á que foi previamente convocada, se ben achegou un escrito que se xunta á acta no que manifesta a súa actual non adhesión ó acordo e demais compromisos.

A representante da UGT confirma a sinatura da organización.

O representante da CIG manifesta a sinatura da súa organización.

A representante de SAE expresa tamén a sinatura da súa organización.

O representante de CSI-CSIF alega que non subscriben o acordo e demais compromisos por non responder actualmente ás expectativas da súa organización.

Os representantes de CEMSATSE manifestan a sinatura da súa organización.

Para expresa-la conformidade cos contidos da presente acta asinan:

-Pola Administración sanitaria:

O director xeral da División de Recursos Humanos,  
José Ignacio Lema Piñeiro

-Polas organizacións sindicais:

\* Pola CIG:

Xan Cons Pintos

María Xosé Abuín Álvarez

\* Por UGT:

Delia Irene Martínez Conde

\* Por CSI-CSIF:

Daniel Otero Castiñeira

\* Por CEMS:

Cándido Andión Núñez

\* Por SATSE:

Carmen García Rivas

\* Por SAE:

Begoña Caínzos Ayerbe

Cecilia Dou Marcos

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Orde do 21 de novembro de 2003 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente.*

De conformidade co disposto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da referida lei, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinala no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente (rúa San Lázaro s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán xuntarlle á súa petición un currículun vitae e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira en que se sinala no punto anterior non serán tidos en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupa-lo posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un funcionario/a con destino noutra administración, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizo, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días segundo o